

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2/07/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **2/07/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 18 de Xuño de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JESUSA CALVO QUINTAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 922 de 16/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na instalación de terrazo na beirarrúa existente pola fronte dunha vivenda (Referencia Catastral 8503501MH7580S0001JD) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 22 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOAQUINA ROMERO MARTÍNEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.010 de 22/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no recebo, pintado en cor branco e limpeza de canles pola parte posterior dunha vivenda (Referencia Catastral 8709208MH758MH7580N0001DT) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA LIZANCOS SENLLE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.061 de 26/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no acondicionamento e pintado en cor claro dunha vivenda (Referencia Catastral 8606307MH7580N0001QT) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de doce metros (12) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de NEREA SANTAMARÍA GÓÑEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.047 de 25/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na apertura

de gabia co motivo da subministración de auga a unha finca pola parte posterior dunha vivenda (Referencia Catastral 8609107MH7580N0002OY)
.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL ROSARIO INSUA ESTÉVEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 973 de 19/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de terraza, parte baixa do inmovible e apertura de tres fiestras do soto dunha vivenda (Referencia Catastral 002501300MH75D0001WQ) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

Dito acordo adoptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo parentesco coa solicitante.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL TRILLO MAYOBRE, veciño de Lugo (Rexistro Telemático 148 de 25/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado interior, substitución de azulexos por outros novos, instalación de nova fontanería e electricidade nunha vivenda (Referencia Catastral 8706101MH7580N0001MT) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN CARLOS TRABA RIVERA, veciño de Nigrán – Pontevedra (Rexistro de Entrada 990 de 22/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza da cuberta nunha vivenda (Referencia Catastral 8610908MH7581S0001HU) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de seis metros (6) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a Rede de Baixa Tensión (RBT) no Polígono 502, Parcela 2232 a Milleira da localidade de Escaselas deste Termo Municipal de Fisterra.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 30 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Miguel Ángel Bernal López, ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Resolucions de datas 27 de Abril e 13 de Maio de 2020 así como a de Augas de Galicia de 23/05/2019 que constan no expediente; condicionada a:

-- Informar do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, en colectores axeitados, e de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

-- Unha vez rematadas as obras repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra a cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €) en metálico ou aval bancario bancario para garantir así a reposición da urbanización afectada.

Todo isto, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais.-

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Once euros con trinta e sete céntimos (11,37 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Oitenta e tres euros con trinta e oito céntimos (83,38 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

B) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de LUCÍA DOMÍNGUEZ OUTES, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.016 de 22/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun galpón de 30 m2, peche con bloques e acondicionamento da entrada nunha finca (Referencia Catastral 8522119MH7582S0001JQ),

Visto o informe desfavorable emitido o día 30 de Xuño de 2020 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar á promotora o preceptivo título habilitante dado que a execución da construción pretendida, non está permitida na parcela de referencia ó non cumprir cos requisitos indicados polo Artigo 18 da Lei do Solo de Galicia para a súa consideración como Solar ó non ter acceso a vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento municipal, subministración de enerxía eléctrica e Alumeado Público en condicións de caudal e potencia axeitadas para os usos permitidos non sendo apta para a realización da construción pretendida.-

A Comunicación Previa, Non Cumpre os requisitos establecidos no Artigo 146 da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

C) SEGREGACIÓN DE FINCAS.-

Examinada a petición formulada por parte de MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ, veciña de Fisterra (Rexistro Telemático de 3/03/2020) sobre solicitude de licenza da Segregación de Parcela emprazada na Avenida da Anchoa coa Referencia Catastral 15038A502009050000DL e unha superficie total de 5.984 m2.-

Visto o Informe favorable emitido polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 2 de Xullo de 2020 que consta no expediente, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Conceder Licenza a MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ para proceder á súa Segregación nas seguintes Parcelas:

	SUPERFICIE SOLO NRT M2	SUPERFICIE SOLO RÚSTICO M2	SUPERFICIE CESIÓN CONCELLO M2	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN ESTRADA M2
PARCELA A	631	3.710	300	172
PARCELA B	595	0		
PARCELA C	576	0		

2º.- Así mesmo Licenza para proceder á segregación da Parcela con Referencia Catastral 15038A502009010000DY cunha superficie total de 4.677 m2 nas seguintes :

	SUPERFICIE SOLO NRT M2	SUPERFICIE SOLO RÚSTICO M2	SUPERFICIE CESIÓN CONCELLO M2	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN ESTRADA M2
PARCELA D	1.375	3.012	243	47

A superficie das Parcelas, obxecto da Cesión gratuíta ó Concello mediante documento público, para apertura ou regularización do viario preciso ascende a un total de 543,00 m2.

Deberá axustarse na súa totalidade ó Proxecto de Segregación Modificado, de data 27 de Maio de 2020 redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés; así como as condicións sinaladas pola Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia en informe de data 25/06/2020, e que constan no expediente.-

De conformidade cos Arts. 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro, a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario, así como das alteracións das súas características, é obrigatoria para que a descrición catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade e que os titulares dos dereitos están suxeitos á obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro Inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, polo que deberá proceder a declarar as diferenzas advertidas entre o proxecto de segregación e a recollida na información catastral subministrada.

3º) ASUNTOS VARIOS

VADO PERMANENTE

A) Vista a petición formulada co número 2020/000/00000914 de 15/06/2020, por parte de Alfredo Manuel Lourido López, veciño de Fisterra na que solicita a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos do garaxe, nunha lonxitude de tres (3) metros lineais para unha superficie interior de 21 a 60 m2.

Visto o Informe emitido o día 23 de xuño de 2020 polo arquitecto que presta servizos no departamento de urbanismo desta corporación, do que se desprende o carácter favorable deste o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Alfredo Manuel Lourido López, e concederlle licenza para a instalación do vado permanente número 4/2020 (chapa número 142) de tres metros lineais para una superficie interior de 21 a 60 metros cadrados para facilitar a entrada e saída do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada; para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o

Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os anos que lle cause.
- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.
- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.
- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2019 cunha cota anual de corenta e nove euros (49,00 €).
- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.
- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.
- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa da vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

B) Vista a petición formulada co número 2020/000/00001053 de 26/06/2020, por parte de Rocío Marcote Canosa, veciña de Fisterra na que solicita a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos do garaxe nunha lonxitude de tres (3) metros lineais para unha superficie interior de 21 a 60 m2.

Visto o Informe emitido o día 2 de xullo de 2020 polo arquitecto que presta servizos no departamento de urbanismo desta corporación, do que se desprende o carácter favorable deste o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Rocío Marcote Canosa, e concederlle licenza para a instalación do vado permanente número 5/2020 (chapa número 143) de tres metros lineais para una superficie interior de 21 a 60 metros cadrados para facilitar a entrada e saída do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada; para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se reponerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista descontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2019 cunha cota anual de corenta e nove euros (49,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. M. L., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Cen euros (100,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. T. M., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de transporte pola enfermidade do seu esposo non cubertos pola Seguridade Social, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a R. V. R., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de adaptación da vivenda o considerarse de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. G. T., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Catrocentos euros (400,00 €) para cubrir necesidades básicas do seus fillos menores, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

SERVIZO AXUDA NO FOGAR

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a favor de M. E. V. F., veciña de Fisterra coa finalidade de apoio

nas mobilizacións e aseo persoal durante Cinco Horas semanais, aplicando a taxa prevista na Ordenanza Fiscal reguladora polo importe de 4,80 € / hora.--

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a favor de A. A. D. C., veciño de Fisterra coa finalidade de apoio nas mobilizacións e limpeza do fogar durante Cinco Horas semanais, aplicando a taxa prevista na Ordenanza Fiscal reguladora polo importe de 1,20 € / hora.--

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a favor de J. M. L. M., veciño de Fisterra coa finalidade de apoio nas mobilizacións e aseo persoal durante Cinco Horas semanais, aplicando a taxa prevista na Ordenanza Fiscal reguladora polo importe de 2,40 € / hora.--

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a favor de M. E. T. B., veciña de Fisterra coa finalidade de aseo persoal durante Cinco Horas semanais.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión**, ás **21:05 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.